



PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUN POSTO EVENTUAL DE CONFIANZA (CATEGORÍA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A) ADSCRITO AO GOBERNO DO CONCELLO DE AMES

O grupo municipal do BNG de Ames seleccionará, a través deste proceso, **1 traballador/a** como persoal eventual ou de confianza, para formar parte da **gabinete de apoio ao goberno** do Concello de Ames.

Funcións a desenvolver

Funcións de asistencia administrativa, apoio e asesoramento aos concelleiros/as do goberno, que incluírán:

- Atención ao público
- Trámites e xestións para colaborar na execución das decisións de goberno.
- Asistencia aos concelleiros/as na preparación de reunións de órganos colexiados, con asociacións, veciñanza, etc.
- Coordinación de axenda dos e das concelleiras e da dinámica de grupo en xeral.
- Apoio a tarefas de comunicación das iniciativas do goberno e seguimento do seu tratamento informativo, así como na relación con medios de comunicación.

Competencias requiridas

- Dominio oral e escrito do galego (nivel celga 4 ou perfeccionamento).
- Dominio do paquete ofimático.

Méritos valorables

- Experiencia profesional relacionada coas funcións a desenvolver.
- Méritos académicos relacionados coas funcións a desenvolver.
- Capacidade para traballar en equipo.
- Coñecemento do Concello de Ames.
- Experiencia política e afinidade cos principios do BNG.
- Disponibilidade horaria.

Presentación e prazo

As solicitudes poderán presentarse **ata o día 15 de agosto**.

As solicitudes, con todos os datos persoais necesarios, teléfono e enderezo electrónico de contacto e o curriculum, enviarase preferentemente por **correo electrónico** ao enderezo ames@bng.gal ou ben presentarse **nun sobre pechado no Concello** de Ames á atención do Grupo Municipal do BNG.

O asunto do correo electrónico e o sobre das solicitudes deberá indicar de xeito visíbel no exterior o rótulo: SELECCION PERSOAL DE CONFIANZA.

Procedemento de selección

A comisión de selección, formada por tres persoas designadas polo grupo municipal do BNG, avaliará os currículos presentados.

De estimalo preciso, poderá realizarse probas e/ou entrevistas, ás que poderán ser convocadas ben todas as persoas aspirantes, ben as que foran preseleccionadas á vista dos méritos expostos no seu currículo. A comunicación das probas ou entrevistas, se for o caso, faranse ao *teléfono ou enderezo electrónico de contacto indicados*.

A comisión de selección fará unha proposta de contratación antes do 31 de agosto de 2019, que será referendada polo grupo político municipal do BNG.

Contratación

A contratación será baixo a **modalidade de persoal de confianza do Concello** de Ames. O cesamento producirase en todo o caso ao remate do actual mandato da corporación, ou a proposta dos concelleiros/as do BNG no caso de perda da confianza.

O nomeamento será efectuado como persoal do concello, con categoría de auxiliar administrativo e un salario anual bruto de 20.473,28 €.

A permanencia no posto non dará lugar a que compute como mérito en procesos selectivos do sector público.

A decisión da comisión de selección, que poderá deixar vacante o posto, será inapelable.

BNG de Ames

1 de agosto de 2019